

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LOMCE
DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

CURSO 2022/23

I.E.S. AS BIZOCAS

**Raquel González García
(Xefa do departamento)
María Teresa Martínez Areal**

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliabile de:.....	5
a) Temporalización.	
b) Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
c) Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	16
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar	17
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	18
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	22
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados... 	23
11. Medidas de atención á diversidade.....	24
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	25
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.....	26
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	28

1. Introducción e contextualización.

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES As Bizocas é unipersoal, polo tanto as materias e cursos que a continuación se relacionan serían impartidas en principio todas elas pola xefa do departamento. Sen embargo, debido a unha redución de xornada de 1/3, finalmente neste curso seremos dúas docentes de Bioloxía e Xeoloxía. **A materia LOMCE que temos que impartir neste curso é Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO**, que será impartida por M^a Teresa Martínez Areal.

Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO			
Grupo	1ºA	1ºB	1ºC
Nº de alumn@s	14	17	18
Profesora	Raquel González	Raquel González	Carlos Domínguez
Horas semanais	4	4	4

Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO		
Grupo	3ºA	3ºB
Nº de alumn@s	21	21
Profesora	M ^a Teresa Martínez	M ^a Teresa Martínez
Horas semanais	2	2

Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO	
Grupo	4ºA+ 4ºB
Nº de alumn@s	26
Profesora	María Teresa Martínez
Horas semanais	3

Ademáis hai que engadir o alumnado con materias pendentes do noso departamento, que fan un total de 4 alumn@s, tod@s de 2º de ESO coa materia pendente de 1º de ESO Bioloxía e Xeoloxía, aos que neste curso non lles damos clase no noso departamento. Este alumnado será avaliado pola xefa do departamento.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As materias do noso departamento contribúen a acadar as competencias clave fixadas no currículo da ESO e que son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Algúns dos aspectos a considerar no desenvolvemento da materia co fin de acadar estas competencias son os que se indican a continuación:

- A **competencia en comunicación lingüística** (tanto oral como escrita), desenvolverase a través da realización de exames e traballos escritos (sendo esixentes na presentación e na corrección ortográfica) e nas exposicións públicas na aula, así como na análise do caderno e na expresión nas intervencións orais. Ademais da lectura e análise de novas aparecidas en medios de comunicación.

- A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, serán as que máis se traballen nestas materias a través dos exercicios, problemas, investigacións, lectura e análise de novas aparecidas nos medios de comunicación...incidindo na lectura e representación gráfica de datos e na lectura e análise crítica de toda información achegada sobre estas tres áreas.

- A **competencia dixital** será traballada facendo fincapé na potencialidade que ofrece o uso das tecnoloxías da información como ferramentas de comunicación e investigación (busca e selección crítica de información, presentación de traballos en formato dixital, e realizados con procesador de textos e programas de presentacións dixitais, uso de programas de edición de imaxe e vídeo, emprego correcto da Aula Virtual do centro...). Nesta nova situación na que nos atopamos, e na que se pretende dar preferencia aos recursos dixitais, a competencia dixital será máis traballada que en cursos anteriores.

- **As competencias sociais e cívicas** tamén se traballarán mediante a lectura e análise de novas e textos sinxelos antes mencionados. Ademais se valorará a través do modo en que interactúa o alumno na clase cando están a intervir os compañeiros e nos traballos en grupo e no proxecto de investigación.

- No tocante ás **competencias de aprender a aprender, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais** serán traballadas sobre todo no bloque de metodoloxía científica e o do desenvolvemento de traballos de investigación, tendo en consideración e analizando a evolución da aprendizaxe do alumno e á súa progresiva autonomía na realización das actividades (incidirase especialmente na importancia da entrega dos traballos en prazo), a súa orixinalidade nas propostas, nos diferentes modelos de presentación e exposición....

En función do número de E.A. (estándares de aprendizaxe) que aparecen asociados a cada CC no currículo oficial das respectivas materias, calculouse unha porcentaxe, que nos da o grao en que contribúen as materias de Bioloxía e Xeoloxía a cada unha das CC.

	Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO
CCL	11%
CMCCT	24%
CD	2%
CAA	39%
CSC	11%
CSIEE	11%
CCEC	2%
TOTAL	100%

A cualificación por competencias clave de cada alumn@, para cada trimestre e para a cualificación final, obteranse tendo en conta estas porcentaxes para cada materia do seu curso, ponderando ademáis en función do número de horas semanais de cada unha delas.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- 1. Temporalización**
- 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.**
- 3. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

Estándares	Grao mínimo para superar a área	TEMPORALIZACIÓN			CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
		T 1	T 2	T 3	Procedementos de avaliación/ Instrumentos de avaliación.	
4º-BXB1.1.1 - Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	Distingue entre célula procariota e eucariota, animal e vexetal, e recoñece a función dos principais orgánulos celulares.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CAA CMCCT
4º-BXB1.1.2 - Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	Identifica alomenos dous tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase/laboratorio.</p>	CD, CAA
4º-BXB1.2.1 - Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase/laboratorio Proba escrita.</p>	CCL, CAA
4º-BXB1.3.1 - Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	Recoñece as partes dun cromosoma.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase/laboratorio.</p>	CMCCT
4º-BXB1.4.1 - Recoñece as fases da mitose e	Recoñece as fases da mitose e	X			<p>PROCEDEMENTOS:</p>	CMCCT, CAA

meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	distingue o resultado final e o significado biolóxico de mitose e meiose.			Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
4º-BXB1.5.1 - Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	Distingue e recoñece os ácidos nucleicos.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA, CSIEE
4º-BXB1.6.1 - Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	Recoñece a función do ADN como portador da información xenética e relaciónao co concepto de xene.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Proba específica. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
4º-BXB1.7.1 - Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	Distingue os principais mecanismos da expresión xenética.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA, CSIEE
4º-BXB1.8.1 - Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	Recoñece en que consisten as mutacións.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCCT, CAA
4º-BXB1.9.1 - Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un carácter.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCCT, CAA, CCEC
4º-BXB1.10.1 - Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase/laboratorio	CAA, CSIEE

4º-BXB1.11.1 - Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas sinxelos sobre doenzas hereditarias.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Análise e Investigacións. Proba obxectiva.</p>	CMCCT, CSC
4º-BXB1.12.1 - Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	Recoñece as técnicas de traballo máis básicas da enxeñaría xenética.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Análise e Investigacións. Proba obxectiva.</p>	CMCCT, CSIEE
4º-BXB1.13.1 - Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	Describe a principal técnica de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Análise e Investigacións. Rúbrica</p>	CSC, CSIEE, CAA
4º-BXB1.14.1 - Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	Coñece algunhas das implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Análise/Investigacións.</p>	CSC, CSIEE
4º-BXB1.15.1 - Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.	Enumera algunha das posibles consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Análise e Investigacións.</p>	CSC (CCL)
4º-BXB1.16.1 - Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	Distingue alomenos dúas características diferenciadoras entre lamarckismo e darwinismo.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase/laboratorio</p>	CMCCT, CAA
4º-BXB1.17.1 - Establece a relación entre variabilidade	Establece a relación entre variabilidade xenética,		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p>	CAA

xenética, adaptación e selección natural.	adaptación e selección natural.				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
4º-BXB1.18.1 - Interpreta árbores filoxenéticas.	Interpreta árbores filoxenéticas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase/laboratorio	CAA
4º-BXB1.19.1 - Recoñece e describe as fases da hominización.	Recoñece e describe de forma elemental as fases da hominización.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Análise e Investigacións. Rúbrica	CMCCT, CCL
4º-BXB2.1.1 - Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Análise e Investigacións. Rúbrica	CAA
4º-BXB2.2.1 - Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.	Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Rúbrica	CAA, CSIEE
4º-BXB2.3.1 - Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.	Asocia correctamente algúns acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos, así como animais e plantas coa era xeolóxica correspondente.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.	CMCCT

				Rúbrica	
4º-BXB2.4.1 - Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.	Relaciona alomenos dous fósiles guía coa súa era xeolóxica.			X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
4º-BXB2.5.1 - Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos.	Interpreta un mapa topográfico.			X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Proba específica. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de laboratorio/campo.	CMCCT, CCL
4º-BXB2.5.2 - Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.	Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.			X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de laboratorio/campo. Proba obxectiva.	CMCCT
4º-BXB2.6.1 - Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	Compara os modelos que explican a estrutura e composición da Terra.			X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Proba específica. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
4º-BXB2.7.1 - Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	Asocia as características da estrutura interna da Terra cos fenómenos superficiais.			X PROCEDEMENTOS: Probos específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA, CSIEE
4º-BXB2.8.1 - Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	Expresa alomenos dúas evidencias actuais da expansión do fondo oceánico.			X PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
4º-BXB2.9.1 - Coñece e explica razoadamente	Enumera os tipos de movementos			X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos	CAA, CMCCT

os movementos relativos das placas litosféricas.	relativos das placas litosféricas.			alumnos/as.Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
4º-BXB2.9.2 - Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.	Interpreta algunhas das consecuencias dos movementos das placas no relevo.		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
4º-BXB2.10.1 - Identifica as causas dos principais relevos terrestres.	Identifica as causas dos principais relevos terrestres.		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCCT
4º-BXB2.11.1 - Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.	Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as Proba específica. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CAA, CCL
4º-BXB2.12.1 - Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.	Recoñece a influencia da dinámica externa e interna na evolución do relevo.		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos. Proba específica. INSTRUMENTOS: Caderno de laboratorio/campo. Proba escrita.	CAA
4º-BXB3.1.1 - Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.	Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCCT
4º-BXB3.1.2 - Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.	Analiza as relacións entre biótomo e biocenose.		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva	CAA, CSIEE, CCL

				Traballo de análise/investigación.	
4º-BXB3.2.1 - Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.	Interpreta adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC, CAA
4º-BXB3.3.1 - Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.	Recoñece algún factor ambiental que condiciona o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballos de análise/Investigación. Proba obxectiva.</p>	CMCCT, CAA
4º-BXB3.4.1 - Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.	Recoñece e describe relacións, interpretando casos prácticos en contextos reais.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCCT
4º-BXB3.5.1 - Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.	Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballos de análise/investigación.</p>	CAA, CSC, CCL
4º-BXB3.6.1 - Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.	Compara as consecuencias na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballos de análise/Investigacións. Proba obxectiva.</p>	CSC, CCEC
4º-BXB3.7.1 - Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis	Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa		X	<p>PROCEDEMENTOS: Proba específica.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CAA

tróficos e a súa eficiencia enerxética.	eficiencia enerxética.					
4º-BXB3.8.1 - Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.	Identifica actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballos de Análise/Investigación. Proba obxectiva.</p>	CSC, CCL, CCEC
4º-BXB3.8.2 - Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballos de Análise/Investigación.</p>	CMCCT, CAA, CCL
4º-BXB3.9.1 - Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	Describe alomenos dous procesos distintos de tratamento de residuos.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballos de análise/investigación.</p>	CSC, CSIEE
4º-BXB3.10.1 - Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	Argumenta algún prol e contra da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballos de análise/investigación.</p>	CSC, CAA
4º-BXB3.11.1 - Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Probas específicas. Análise das producións dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC, CCL

					Traballos de Análise/Investigación.	
4º-BXB4.1.1 - Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Caderno de laboratorio/campo. Escala de observación. Rúbricas	CAA, CMCCT, CSIEE
4º-BXB4.2.1 - Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Caderno de laboratorio/campo. Rúbricas	CAA, CCL, CMCCT
4º-BXB4.3.1 - Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Utiliza polo menos dúas fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e presentación das súas investigacións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Traballos de Análise/Investigación. Escala de observación. Rúbricas	CAA, CCL, CMCCT, CD
4º-BXB4.4.1 - Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno da profesora. Escala de observación. Caderno de clase.	CAA, CSC, CSIEE
4º-BXB4.5.1 - Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	Deseña pequenos traballos de investigación sobre os ecosistemas do seu contorno.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos./Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Traballos de Análise/Investigación. Escala de observación. Rúbricas	CCL, CSIEE, CD, CMCCT
4º-BXB4.5.2 - Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións,	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática Análise das producións dos alumnos.	CCL

verbalmente como por escrito.	tanto verbalmente como por escrito.			INSTRUMENTOS: Traballos de Análise/Investigación. Rúbricas	
-------------------------------	-------------------------------------	--	--	--	--

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Ata o momento presente, a metodoloxía empregada tiña as seguintes características, en función das peculiaridades da nosa materia:

Escolléronse coidadosamente libros de texto con actividades que traballan a **comprensión e interpretación de textos e gráficos, así como o pensamento hipotético-deductivo propio do método científico**. Ademais tódalas competencias son tratadas nelas, tanto de forma individual como integrada. Tamén aseguran estas actividades a relación coa vida real do alumnado, partindo da súa propia experiencia, para que poidan relacionar os coñecementos previos coas novas aprendizaxes de xeito significativo.

O **uso das novas tecnoloxías**, que intenta servir de motivación para o alumnado, empregámolo especialmente co visionado de imaxes, vídeos e animacións, imprescindibles por outro lado para visualizar estruturas e procesos propios das materias de bioloxía e xeoloxía. E tamén a través de traballos de investigación sobre algún tema concreto e a elaboración de presentacións dixitais cos resultados das mesmas. Ademais intentamos implicar ao alumnado no uso científico e didáctico das redes sociais, incluíndo no noso perfil de facebook e Instagram fotos e resumos das prácticas de laboratorio, producións dos alumnos, noticias científicas e de medio ambiente...

Durante os últimos cursos **fixemos un especial esforzo en incrementar o número de prácticas de laboratorio**, como se pode verificar consultando as actas do departamento e as memorias de fin de curso. Esta parte da metodoloxía parécenos fundamental, non só para traballar os E.A. relacionados co método científico, senon tamén os de traballo en grupo e aprender a aprender.

Cos mesmos obxectivos facemos as **saidas de campo**, como as do Proxecto Ríos, de carácter multidisciplinar, co que levamos traballando durante dez cursos.

As explicacións intentan establecer un diálogo co alumnado, facendo preguntas para motivar a participación e implicación do mesmo. Pero ata este momento consideramos as explicacións da profesora imprescindibles para a comprensión de procesos e conceptos específicos das materias de bioloxía e xeoloxía, xa que **outra peculiaridade da nosa materia é a gran cantidade de conceptos e procesos a comprender, distintos en cada avaliación e en cada curso**, a diferenza das materias de linguas ou matemáticas, onde os mesmos conceptos se repiten unha e outra vez nos distintos cursos, o que **fai máis fácil un traballo autónomo, práctico e sen explicacións teóricas**.

O cambio metodolóxico ao que fai referencia o currículo implica facer actividades de aprendizaxe integradas, favorecendo a participación activa do alumnado, principalmente en grupo, e desfocalizando a práctica docente da profesora dándolle o protagonismo ao alumnado.

Por este motivo incorporamos varios **proxectos interdisciplinares**, aproveitando nalgunos casos diversas **conmemoracións** ao longo do curso.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

-Actividades para os alumnos: libro de texto e dixital, materiais de elaboración propia, vídeos educativos, películas e documentais.

-Imaxes, presentacións, animacións, vídeos, etc. para a exposición presencial dos contidos na clase: libro dixital.

3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, sm Xerme; ISBN: 978-84-9854-518-0

-Perfís de Facebook e Instagram propios (Natur Bizocas), promovendo o uso responsable e educativo das redes sociais, así como o fomento de valores cívicos como o coidado da saúde e do planeta a través das mesmas.

-Canle de youtube propia (Natur Bizocas), así como outras canles educativas, principalmente Bioesofera, Curiosamente...

-Material do laboratorio, que se visitará polo menos unha vez por unidade didáctica, e dependerá de varios factores, como o comportamento do propio alumnado. O uso deste material queda condicionado á dispoñibilidade de unidades para uso individual. Neste queremos dar preferencia á realización de prácticas de xeito individual (circunstancia herdada da pandemia), posto que o alumnado está máis atento e aproveita mellor as experiencias prácticas.

-Materiais de traballo de campo específicos do Proxecto Ríos, que terán que ser de uso individual ou previo e posterior desinfectado de mans ou material antes e despois do seu uso.

-Ecosistemas e espazos protexidos do noso contexto máis cercano, como a Lagoa da Bodeira, dunas da Lanzada ou Centro de Interpretación da Siradella, dentro do Complexo Intermareal Umia-O Grove, ou o regato Bizocas e a praia de Area da Cruz, a escasos metros do noso centro, na que faremos varias actividades científicas e de voluntariado ambiental.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS TRES AVALIACIÓNS EN 4º ESO		
INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA	PROCEDEMENTOS
PROBAS ESCRITAS	70%	CORRECCIÓN DAS PROBAS E CÁLCULO DO PROMEDIO DELAS.
TRABALLOS DE ANÁLISE E/OU INVESTIGACIÓN	10%	ANÁLISE DAS PRODUCIÓNS DO ALUMNADO.
CADERNO DE LABORATORIO/CAMPO	10%	ANÁLISE DAS PRODUCIÓNS DO ALUMNADO.
CADERNO DE CLASE CADERNO DA PROFESORA ESCALAS DE OBSERVACIÓN	10%	OBSERVACIÓN E REXISTRO SISTEMÁTICO SOBRE TRABALLO DIARIO E ACTITUDE CARA A APRENDIZAXE.

- Estes criterios de cualificación poderán variar lixeiramente dun trimestre a outro, en función do desenvolvemento dos mesmos, previo aviso ao alumnado con antelación suficiente.
- Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación na que será posible repetir só aquela proba escrita na que o/a alumno/a acadara menos nota. A nota deste exame ponderarase e sumarase á obtida no resto de instrumentos de avaliación para obter a nota da recuperación do trimestre.
- A **cualificación por competencias clave** de cada alumn@, para cada trimestre e para a cualificación final, obteranse tendo en conta as porcentaxes do apartado 2, para cada materia, ponderando ademáis en función do número de horas semanais de cada unha delas.

CÁLCULO PARA A NOTA FINAL (AVALIACIÓN FINAL)

Para o cálculo da NOTA FINAL da materia de bioloxía e xeoloxía diferenciaremos entre:

1. Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas:

No período entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final realizarán actividades de **consolidación e/ou ampliación** das aprendizaxes do curso.

O alumnado nesta situación, poderá optar a mellorar a cualificación da avaliación final acolléndose a distintas opcións que se describen a continuación:

1.1. Realización dunha **proba escrita, contando con dúas posibilidades:**

- ◆ **Proba escrita correspondente aos contidos dunha avaliación da súa escolla**, que **fará media co resto de instrumentos de avaliación tidos en conta ao longo do trimestre** (ver cadro da páx. 17). A nota acadada como resultado dos cálculos anteriores, substituirá á nota previa para o cálculo da nota final unicamente se é superior.
- ◆ **Proba escrita global, cos contidos das tres avaliacións**. A cualificación da avaliación final será a maior entre a nota desta proba e a media das tres avaliacións anteriores.

1.2. Realización e entrega de **tarefas e/ou **actividades** propostas polo profesorado. Neste caso o alumnado poderá subir a súa nota un máximo de **un punto**.**

2. Alumnado con algunha avaliación pendente:

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa poderá recuperala no período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final. A recuperación adaptarase a cada alumno permitindo a **recuperación por avaliación suspensa**, (e incluso, de ser o caso, por exame suspenso).

Aquí diferenciamos entre alumnado con algunha avaliación suspensa e alumnado coas tres avaliacións suspensas.

2.1. Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas:

Para o cálculo da nota da avaliación final tomaremos como **nota de cada**

avaliación a máis favorable para cada alumn@ entre as opcións seguintes:

2.1.1. Nota da(s) avaliación(s) suspensa(s).

2.1.2. Nota dunha proba escrita de recuperación relacionada cos contidos da(s) avaliación(s) a recuperar **que fará media cos instrumentos de avaliación tidos en conta ao longo do trimestre.** (ver cadro da páx. 1). A nota acadada como resultado dos cálculos anteriores, substituirá á nota previa para o cálculo da nota final unicamente se é superior.

2.2. Alumnado coas tres avaliacións suspensas:

A nota da avaliación final para este alumnado será a máis alta entre as seguintes opcións:

2.2.1. A media aritmética das tres primeiras avaliacións.

2.2.2. A nota dunha proba escrita de recuperación relacionada cos contidos impartidos durante todo o curso.

2.2.3. A nota media ponderada entre unha **proba escrita de recuperación sobre os contidos impartidos durante todo o curso (70%)**, e a media dos instrumentos de avaliación restantes (ver cadro da páx. 17) entregados ao longo do curso (30%).

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Do mesmo xeito que na convocatoria oficial de abril, a nota da avaliación final para este alumnado será a máis alta entre as seguintes opcións:

2.2.4. A nota dunha proba escrita de recuperación.

2.2.5. A nota ponderada obtida a partir dunha **proba escrita (50%)** e dun **caderno de actividades** a entregar (50%).

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL.

A **metodoloxía** empregada durante este período entre a terceira avaliación e a avaliación final estará baseada principalmente en actividades de **reforzo** e **ampliación** deseñadas para o alumnado nas dúas situacións posibles descritas na epígrafe anterior.

En termos xerais, dado o carácter científico das materias, as actividades estarán baseadas na **resolución de exercicios prácticos** que permitan familiarizarse, comprender e aplicar os conceptos científico/técnicos que forman parte dos **contidos** das materias descritos nos seus respectivos currículos.

I. Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas:

Deseñaranse fichas ou boletíns de exercicios con cuestións prácticas, principalmente baseadas na **resolución de problemas contextualizados de distinto grao de complexidade, ou ben investigacións, lecturas ou textos onde buscar información**. Estas actividades servirán para **consolidar e ampliar** as aprendizaxes adquiridas ao longo do curso, e no seu caso, para subir nota, se esa é a opción escollida polo alumnado (ver apartado anterior).

II. Alumnado con algunha avaliación pendente:

No caso do alumnado con algunha avaliación pendente, as **actividades de reforzo** que se deseñarán tratarán os contidos mínimos impartidos ao longo do curso. Particularmente farase fincapé en que o alumnado acade aquelas **aprendizaxes imprescindibles** necesarias para adquirir os E.A. non adquiridos. Facilitaráselle ao alumnado nesta situación fichas de actividades compostas de **exercicios prácticos** ou **contextualizados similares** aos que terá que realizar na **proba escrita** da recuperación.

O traballo na aula centrarase na explicación, resolución e corrección destes exercicios, xunto coa detección e resolución das dúbidas do alumnado.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

8.1. Indicador de logro a medir e instrumento utilizado.

Centrarémonos en medir o **grao de cumprimento da temporalización** para cada materia do departamento. Para iso utilizaremos como instrumento, o modelo de táboa que se indica a continuación, que adxuntaremos á Acta de Xunta de Departamento ao final de cada trimestre.

E.A. avaliable	TEMPORALIZACIÓN PREVISTA			TEMPORALIZACIÓN REAL		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
.....	X				X	

Ao final de curso, na memoria do departamento, asignaremos unha puntuación de 1 a 4 no indicador de logro „Adecuación entre a temporalización prevista e a real“. Para iso calcularemos a porcentaxe de EA tratados e avaliados con respecto ao total.

INDICADOR DE LOGRO	PUNTUACIÓN ASIGNADA				
	1 (20-40%)	2 (40-60%)	3 (60-80%)	4 (80-90%)	5 (90-100%)
<i>Adecuación entre a temporalización prevista e a real</i>					

8.2. Análise das causas e proposta de medidas correctoras.

Despois de facer a comparación ao final de cada trimestre, analizaremos as causas e intentaremos propoñer medidas correctoras viables que permitan ir corrixindo o desfase ao longo do curso.

Este proceso tamén o levaremos a cabo na memoria de final de curso, pois corrixir este desfase terá máis éxito se se aplican as posibles correccións dende un principio, e iso só é posible no seguinte curso.

Entre os instrumentos utilizados para recabar información, poderanse utilizar as enquisa de final de curso de anos pasados. (Ver Anexo 2).

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No mes de outubro a xefa do departamento convocará unha reunión cos/as alumnos/as afectados, na que se lles entregarán actividades de recuperación e se lle indicarán as seguintes instrucións:

A materia será avaliada a través de dous instrumentos: boletín de actividades (50% da nota), e proba escrita (50% da nota).

As actividades serán corrixidas, avaliadas e devoltas pola profesora para que o alumnado os poida empegar á hora de estudar. **No caso de non facer ou non entregar os boletíns en prazo, o 100% da nota recaerá no/s exame/s.**

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

En canto aos resultados das probas de avaliación inicial de Bioloxía e Xeoloxía, estas non difiren moito dos de cursos anteriores, tendo en conta todo o exposto no parágrafo anterior.

Ademáis esta ferramenta nas nosas materias non aporta demasiada información, xa que os contidos duns cursos e outros non adoitan estar relacionados, ou o están con contidos aprendidos varios cursos antes, normalmente en Primaria, polo que a maioría deles foron esquecidos polo alumnado. Pero unida ás sesións de avaliación inicial, si nos da unha idea do nivel do que parte cada alumn@, o cal será tido en conta á hora de elaborar os plans de reforzo e recuperación para atender á diversidade. As sesións de avaliación inicial tamén nos dan información para acadar un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

Xa que gran parte dos contidos deste curso serán traballados por primeira vez na súa vida (mitose e meiose, xenética medeliana, expresión do ADN e manipulación xenética, evolución, historia da Terra e da vida), a avaliación inicial centrarase naqueles contidos dos que xa deberían ter unhas nocións básicas: a célula (de 3º de ESO), os fósiles (de 1º de ESO), a tectónica de placas (de 3º de ESO) e a ecoloxía (de 1º de ESO).

Por un lado trátase de saber de que nivel de coñecemento debemos partir naqueles contidos que xa coñecen, posto que nos restantes haberá que partir practicamente de cero, e por outro do nivel competencial, polo que se engaden preguntas de comprensión e expresión escrita, interpretación de gráficos, relación e deducción.

11. Medidas de atención á diversidade.

Medidas organizativas do centro.

Debido a que se da prioridade aos reforzos nas áreas instrumentais, en principio non contamos coa posibilidade de profesor/a de apoio nas nosas materias, nin dentro nin fóra da aula. Isto, unido ao tamaño dos grupos e á esixencia de impartir o temario completo, complica a atención á diversidade. Neste curso, en principio, danse as circunstancias favorables para que alumnos que estaban recibindo actividades de reforzo, puidesen facelas e corríxilas coa profesora de PT.

Medidas que levarán a cabo as docentes na aula.

- Diferentes tempos de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Recursos e materiais diferenciados.
- Actividades variadas e con diferente nivel de dificultade.

Para os alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo estableceranse actividades de reforzo, simplificando o nivel de complexidade con respecto ás actividades do libro. De ser necesario, tamén se modificará o tipo de actividades dos exames, con preguntas formuladas dun xeito máis sinxelo e comprensible.

Aplicarase o protocolo de atención específico ao alumnado diagnosticado con TDAH.

No caso de haber alumnado con necesidade específica de apoio educativo que tras aplicar estas medidas siga sen acadar os obxectivos esperados, valorarase, conxuntamente co Dto. de Orientación, a necesidade da aplicación de medidas extraordinarias como unha ACS.

Para os alumnos que avanza a un ritmo de aprendizaxe maior presentaranse actividades de ampliación que favorezan o traballo autónomo (análise de textos, traballos de investigación, lecturas...).

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

O criterio para elixir os elementos transversais a tratar foi escoller aqueles aos que dalgún xeito lle atopamos relación con algúns do EA específicos da nosa área, ademáis de coincidir, algún deles, con conmemoracións ao longo do curso.

A continuación se presenta un cadro resumo por cursos.

NIVEL	ELEMENTO TRANSVERSAL /CONMEMORACIÓN	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	E.A. TRATADOS	TEMPORALIZACIÓN
4º ESO Bi-xe	Prevención da violencia contra persoas con discapacidade, e non discriminación das mesmas.	-Investigación por grupos sobre unha enfermidade hereditaria a elixir, onde entre outros aspectos se analice a discriminación sufrida polas persoas que a padecen. Exposición oral dos resultados.	4º-BXB1.11.1 - Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	1º trimestre.
		-Visualización da película Gattaca, onde se pon de manifesto a discriminación das persoas con algún tipo de discapacidade. Cuestionario sobre a película.	4º-BXB1.15.1 - Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.	1º trimestre
	Igualdade de xénero	Visionado de diversos vídeos grabados por distintas científicas, de diferentes campos da ciencia. IEO de Vigo (CSIC), Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo), explicando a que se dedican.	.DPor concretar, dependendo do campo de investigación de cada científica: ecoloxía, xenética...	2º trimestre

13. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

Neste curso apenas afectado pola pandemia, procuraremos aínda así seguir coa recomendación do curso pasado de desenvolver as clases o máximo posible ao aire libre. Nas nosas materias é máis doado seguir esta recomendación, xa que o medio natural é un recurso didáctico en si. Por iso incorporamos máis saídas fóra da aula polo entorno inmediato coas profesoras, pero tamén aproveitamos ofertas educativas como rutas guiadas por educadores externos, que aparecerán reflexadas neste listado de actividades propostas.

En función da evolución da pandemia, que parece ir a mellor, decidiremos se se levan a cabo ou non algunhas das actividades previstas que precisen desprazamento largo en autobús.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DAS MATERIAS DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA E CON CARÁCTER AVALIABLE.

CURSO	NOME DA ACTIVIDADE	BREVE DESCRICIÓN	E.A. TRATADOS	TEMPORALIZACIÓN PREVISTA	RELACIÓN CON PROXECTOS
4º ES O	Participación no Proxecto Ríos. Inspeccións de outono e primavera. Recollida de lixo e eliminación de especies invasoras.	Custodia e comprobación do estado de saúde do regato Bizocas medindo e interpretando parámetros biolóxicos e físico-químicos. Tratarán EA do bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente.	4º-BXB3.1.1. 4º-BXB3.1.2. 4º-BXB3.2.1. 4º-BXB.3.3.1 4º-BXB.3.4.1 4º-BXB.3.8.1 4º-BXB.3.8.2 4º-BXB.4.5.1	1º, 2º e 3º trimestre.	2º trimestre
	Visita á Misión Biolóxica de Galicia	Participación en varios obradoiros científicos con motivo da Semana da Ciencia.	4º-BXB4.1.1 4º-BXB4.4.1	1º trimestre	3º trimestre
	Loitando contra as especies invasoras.	Charla/coloquio sobre a ameaza que supoñen para a biodiversidade as especies invasoras. Impartida no propio centro, a cargo dos educadores da Aula de Natureza de Siradella.	4º-BXB3.1.1. 4º-BXB3.1.2. 4º-BXB3.2.1. 4º-BXB.3.3.1 4º-BXB.3.4.1 4º-BXB.3.8.1 4º-BXB.3.8.2	2º trimestre	2º trimestre
	Charla informativa sobre a especie en perigo “Pillaredas dunas” e o	Especie catalogada como vulnerable, presente na praia de Area da Cruz, e o seu plan de conservación, en relación con varios EA do bloque de contidos nº3: Ecoloxía e medio ambiente. Impartida no propio centro, a cargo dos educadores da Aula de Natureza de Siradella.	4º-BXB3.2.1 4º-BXB3.3.1 4º-BXB3.6.1 4º-BXB3.8.1 4º-BXB3.8.2	3º trimestre	Edu-sostible + Edu-saúde

	seu Plan de Conservación.				
	Visita ao sistema dunar da praia de Area da Cruz.	As dunas como ecosistema: importancia ecolóxica, especies representativas e adaptacións. A cargo dos educadores da Aula de Natureza de Siradella.	4º-BXB3.1.1. 4º-BXB3.1.2. 4º-BXB3.2.1. 4º-BXB.3.3.1 4º-BXB.3.4.1 4º-BXB.3.5.1 4º-BXB.3.6.1 4º-BXB.3.8.1	3º trimestre	Edu-sostible + Edu-saúde
	Xeorruta e/ou charla-obradoiro xeolóxico.	Roteiro polas formacións xeolóxicas e xeomorfolóxicas do concello de Sanxenxo e O Grove. A cargo de Francisco Canosa.	4º-BXB2.1.1 4º-BXB2.2.1 4º-BXB2.5.2 4º-BXB2.9.2 4º-BXB2.12.1	2º trimestre	

Ademáis destas, participaremos noutras integradas dentro dos proxectos de centro Edu sostibilidade e Polos Creativos.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

14.1 Análise dos resultados académicos.

RESULTADOS A ANALIZAR	OBXECTIVOS	MOMENTO DA REVISIÓN	ASPECTOS A VALORAR
Porcentaxe de alumnos que superaron a avaliación trimestral.	>75% aprobados	Trimestralmente, na acta da reunión de Dpto.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 13.
Porcentaxe de alumnos que superaron a avaliación ordinaria.	1º ESO > 80 % aprobados * 3º ESO > 85% aprobados * 4º ESO > 90 % aprobados * *(Cifras obtidas do promedio de aprobados na avaliación ordinaria dos cinco cursos anteriores).	Memoria final de curso.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 13, 14.
Resultados da materia con respecto a outras materias do mesmo curso.	Desviación <15%	Memoria final de curso.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 15.
Éxito das recuperacións das avaliacións suspensas.	>50% de alumnos recuperan.	Trimestralmente, na acta da reunión do Dpto.	11.
Abandono da materia.	<10% de alumnos con abandono por curso.	Memoria final de curso.	15.
Éxito do programa de recuperación de materias pendentes.	>40% de alumnos aproban a materia pendente.	Memoria final de curso.	12.

14.2 Análise das posibles causas.

14.2.1. Causas atribuíbles á programación ou práctica docente.

No caso de que os resultados non acaden as cifras obxectivo, pasarase a analizar as posibles causas, a través da información desprendida da análise dos seguintes

aspectos ou indicadores. Dependendo dos resultados que se pretenda mellorar, os indicadores analizados serán uns ou outros. (Ver táboa anterior).

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE VALORAR NA ANÁLISE DOS RESULTADOS	Escala			
	1	2	3	4
1.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
2.Adecuación das rúbricas dos perfís de competencia.				
3.Adecuación dos mecanismos para informar aos alumnos sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
6.Adecuación da avaliación inicial, incluídas as consecuencias da proba.				
7.Adecuación das pautas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
8. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para cada avaliación.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
11. Adecuación de criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación de pendentos.				
13. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
14. Adecuación da metodoloxía empregada.				
15. Adecuación do seguimento e revisión da programación ao longo do curso.				

Entre os instrumentos utilizados para recabar información, poderanse utilizar as enquisas de final de curso.

14.2.2. Causas atribuíbles a outros factores.

Tamén se analizará se os malos resultados son debidos a outras causas tales como:

- Adaptación ao novo modelo educativo.
- Adaptación a unha nova etapa/ciclo.
- Adaptación a un novo/a profesor/a.
- Dinámica interna do propio grupo (alumnos especialmente faladores, alto número de repetidores...).

14.3.Procesos de mellora.

Unha vez valorados os indicadores correspondentes, e tendo en conta outras posibles causas externas á programación, procederase a modificar aqueles aspectos nos que a puntuación acadada fora menor.

